



## SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás doce horas do día dezanove de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal**

Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/000011 para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da "Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas) e un vehículo novo 100% eléctrico tipo N1 (furgón 3 prazas)".

Tendo en conta que esta contratación está financiada con cargo a un suplemento de crédito aprobado en sesión plenaria o día 29/07/2021, e que, co obxecto de cumprir cos prazos fixados pola Intervención municipal para a execución do gasto, fíxase o 1 de decembro de 2021 como último día para que o licitador efectúe a subministración dos vehículos eléctricos e elementos complementarios, así como para asinar a acta de recepción.

Visto que con data 12 de novembro de 2021 recibíuse no Concello de Cambre un escrito procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), no cal notifica a Resolución sobre medida cautelar nº 100/2021 adoptada na mesma data na que se resolve "Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación dun servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre", expediente 2021/C004/000004 deste concello.

Pola Alcaldía municipal considerouse debidamente motivada a urxencia da convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local co fin de acordar os correspondentes acordos.

Tendo en conta o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

*“a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.”*

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

**2º.- Proposta de declaración de deserto do lote nº 1, e de adxudicación a prol do licitador “Breogán Motor, S.L.” do lote nº 2 (un vehículo eléctrico tipo furgón 3 prazas), dos que integran a “Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas) e un vehículo novo 100% eléctrico tipo N1 (furgón 3 prazas)”. Expediente núm. 2021/C005/000011**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/0000011 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática) da subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 e N1 e dun vehículo novo 100% eléctrico tipo N1, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes, e cun valor estimado de 78.511,44 euros e un orzamento base de licitación de 94.998,84 euros IVE incluído.

**Lote 1:** Dous vehículos eléctricos novos tipo M1 e N1:  
Vehículo eléctrico tipo turismo (M1) 4/5 prazas  
Vehículo eléctrico tipo furgoneta (N1) 5 prazas

**Lote 2:** Un vehículo eléctrico novo tipo N1  
Vehículo eléctrico tipo furgón eléctrico (N1) 3 prazas

Visto o resultado da apertura e maila valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 27 de outubro de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento.

Visto que con data do 27 de outubro de 2021 a Mesa de Contratación formulou proposta de declarar deserto o lote nº 1, por non haber ningunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran nos pregos reguladores do contrato.

Vista a proposta de adxudicación formulada para o lote nº 2 pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data do 27/10/2021, a prol do licitador “Breogán Motor S.L.”, única entidade ofertante neste lote, e que cumpre cos requisitos tanto técnicos como económicos establecidos para o lote nos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario do lote nº 2 o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e financeira e maila solvencia técnica, así como a disposición nun radio de 25 km. desde a Casa do Concello de Cambre, dun taller mecánico onde realizar os labores de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

mantemento e reparacións, isto segundo informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data do 17 de novembro de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 17 de novembro de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización favorable nº 460/2021, emitido polo interventor municipal con data 17 de novembro de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 27 de outubro de 2021, rexeitar a única oferta presentada para o Lote nº 1 (dous vehículos eléctricos novos tipo M1 e N1), pola empresa "M.Caeiro, S.A.", por incumprimento dos requisitos establecidos para o este Lote (que constitúe por si unha unidade funcional, tal e como se define nas cláusulas 8 e 10.1 do PPT) nos pregos reguladores do contrato, ao exceder o presuposto base de licitación para un dos vehículos integrantes do Lote (en concreto, para o vehículo tipo turismo M1, 4/5 prazas), e incumprir parcialmente respecto ao outro vehículo dos que forman parte do lote ofertado (en concreto, o vehículo tipo furgoneta N1- 5 prazas), as características técnicas mínimas esixidas no Anexo I do PPT e Anexo IV do PCAP, xa que non conta co seguinte equipamento contemplado como mínimo esixible:

- No apartado "Seguridade":
  - Airbag frontal de condutor e pasaxeiro
  - Limpiaparabrisas dianteiro con sensor de choiva
  - Roda de reposto igual ás instaladas
- No apartado "Transporte":
  - Portas laterais traseiras deslizantes acristaladas

Con iso, incúmprese o establecido na cláusula 13.2 do PCAP e art. 139.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude dos cales as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexe a licitación, e a presentación de proposicións supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen excepción ou reserva algunha.

**Segundo:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 27 de outubro de 2021, admitir a única proposición presentada para o Lote nº 2 (Un vehículo eléctrico novo tipo N1), pola entidade "Bregán Motor, S.L.", ao achegar debidamente cuberta a Declaración responsable formulada conforme ao modelo Anexo II do PCAP, e achegar a proposición e documentación técnica xustificativa conforme o Modelo Anexo III.B do prego.

**Terceiro:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 27 de outubro de 2021, a seguinte puntuación correspondente aos criterios avaliáveis de forma automática correspondentes ao lote nº 2, (Mellor oferta económica; melloras no equipamento dos vehículos e mellora no aumento do prazo de garantía), así como o



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que en aplicación do establecido na cláusula 16.3.2 do PCAP fíxase nas inferiores en máis de 25 unidades porcentuais ao presuposto base de licitación, sendo a baixa da oferta admitida neste lote dun 11,54 %, polo que a oferta non está incursa en presunción de resultar anormalmente baixa.

| Criterios de adjudicación<br>Cláusula 12 PCAP   |                       |   |                           | Puntos<br>obtidos     |
|---|-----------------------|---|---------------------------|-----------------------|
| <b>Cláusula 12.1. Mellor oferta económica</b>   |                       |   |                           | 75 puntos             |
| <b>Cláusula. 12.2.2.<br/>Melloras no<br/>equipamento dos<br/>vehículos</b>            | <b>Nº<br/>Mellora</b> | <b>Mellora ofertada</b>   | <b>Puntos<br/>obtidos</b> | 20 puntos             |
|   | 1                     | Subministración de cargador mural (punto de carga), conexión bluetooth, carga rápida.   | 6 puntos                  |                       |
|   | 2                     | Sistema de estantes homologado para almacenaxe de pezas e ferramentas, dimensións mínimas 1500 x 1000 x 350 (mm) (Largo x alto x fondo).  | 5 puntos                  |                       |
|   | 3                     | Equipado con inversor de corrente 3000W/pico 6000W, transformador de 12v a 230v, 2 tomas de enchufe 230 v/16A, pantallas LED, proteccions | 4 puntos                  |                       |
|   | 4                     | Interior panelado metálico (paredes, suelo) en zona de carga  | 2.5 puntos                |                       |
|   | 5                     | Enganche para remolque e kit de conexión eléctrico  | 1.5 puntos                |                       |
|   | 6                     | Barras de baca no teito   | 1 punto                   |                       |
| <b>Cláusula 12.3. Mellora no aumento do prazo de garantía mínimo fixado de 4 anos</b> |                       |   |                           | 5 puntos              |
| <b>TOTAL</b>  |                       |   |                           | <b>100<br/>PUNTOS</b> |

**Cuarto:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 27 de outubro de 2021, e tendo en conta o establecido na cláusula 16.2 do PCAP e art. 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, declarar deserto o Lote nº 1 (dous vehículos novos tipo M1 e N1), ao non haber ningunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran nos pregos reguladores do contrato, tendo en conta que a única oferta presentada para este Lote, pola empresa "M.Caeiro, S.A.", incumpre os requisitos establecidos para o este Lote (que constitúe por si unha unidade funcional, tal e como se define nas cláusulas 8 e 10.1 do PPT) nos pregos reguladores do contrato, ao exceder a presuposto base de licitación para un dos vehículos integrantes do Lote (en concreto, para o vehículo tipo turismo M1, 4/5 prazas), e incumpre parcialmente respecto ao outro vehículo dos que forman parte do lote ofertado (en concreto, o vehículo tipo furgoneta N1- 5 prazas) as características técnicas mínimas esixidas no Anexo I do PPT e Anexo IV do PCAP.

**Quinto:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 27 de outubro de 2021, adjudicar o Lote nº 2: Un vehículo eléctrico novo tipo N1 (furgón 3 prazas), do expediente 2021/C005/000011 para a "Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas) e un vehículo novo 100% eléctrico tipo N1 (furgón 3 prazas)", a favor do único licitador presentado, "Breogán Motor, S.L.", que oferta un vehículo "Proace Electric Van VX L1 50 kWh", da marca TOYOTA, no prezo de 33.629,10 euros sen IVE (40.691,21 euros IVE incluído), cun prazo de garantía total de 5 anos, e as seguintes melloras ofertadas:

- Subministración de cargador mural (punto de carga), conexión bluetooth, carga rápida.
- Sistema de estantes homologado para almacenaxe de pezas e ferramentas, dimensións mínimas 1500 x 1000 x 350 (mm) (Longo x alto x fondo).



- Equipado con investidor de corrente 3000W/pico 6000W, transformador de 12v a 230v, 2 tomas de enchufe 230 v/16A, pantallas LED, proteccións
- Interior panelado metálico (paredes, chan) en zona de carga
- Enganche para remolque e kit de conexión eléctrico
- Barras de baca en teito

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de ser a única entidade que formulou oferta para este lote, no prezo ofertado, cumprimento das características técnicas mínimas esixidas nos pregos e oferta de melloras no equipamento, así como no aumento no prazo de garantía ofertado.

**Sexto:** Proceder á formalización do contrato correspondente ao Lote nº 2 en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

**Sétimo:** De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désígnase como responsable do contrato correspondente ao Lote nº 2 ao enxeñeiro de Camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores participantes nos dous lotes que integran o presente expediente, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notifíquese ao enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, responsable do contrato, e ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3º.- Suspensión do procedemento de adxudicación do “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre” por mor de recurso especial en materia de contratación interposto por “L2 Ingeniería-ERBA Arquitectos”. Expediente: 2021/C004/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 17 de novembro de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data de 3 de novembro de 2021 rexistrouse de entrada, ao número 202199900005903, escrito a instancia de don Alejandro Peña López, en representación da futura “UTE L2 Ingeniería -ERBA Arquitectos”, ao que achega “informe de alegacións do procedemento con título: “SERVICIO DE REDACCIÓN DE PROYECTOS E DIRECCIÓN DE OBRA DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS, DO CONCELLO DE CAMBRE” de nº de expediente: 2021/C004/000004, do cal foi excluído con data de 20/10/2021.

No citado escrito de recurso, solicítase pola entidade recorrente a medida cautelar de suspensión do procedemento.

Con data do 8 de novembro actual dítase Resolución do Sr. Alcalde, nº 1935/2021, posteriormente ratificada pola Xunta de Goberno Local con data do 9 de novembro de 2021, na que se acorda:

*“Primeiro: Desestimar as alegacións formuladas por don Alejandro Peña López, en representación da futura “UTE “L2 Enxeñería e Consulting Galicia S.C.P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)”, rexistradas de entrada con data de 3 de novembro de 2021, ao número 202199900005903, contra o acordo adoptado pola mesa de contratación designada no expediente 2021/C004/000004 para adxudicación do servizo de “Redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Servizos do Concello de Cambre”, con data de 20 de outubro de 2021, mediante o cal se exclúe da licitación a oferta presentada pola UTE “L2 Enxeñería e Consulting Galicia S. C. P.-Beatriz Hermida Calviño (ERBA Arquitectos)”.*

*Isto, porque ditas alegacións non desvirtúan os motivos que xustificaron o acordo de exclusión:*

*1.- Inclúese no Sobre A “Documentación administrativa”, información avaliable mediante fórmulas, en concreto a experiencia profesional do arquitecto e do enxeñeiro de camiños, canles e portos, que supón unha puntuación máxima acumulada de 6 puntos, así como os compromisos relativos ao persoal para o asesoramento paisajista e para asesoramento e consulta, con nome, apelidos e titulación, facéndose constar que mesmo se inclúen dous técnicos a maiores respecto a os traballos especiais sobre os que se require asesoramento, obtendo polos devanditos compromisos un total de 6 puntos.*

*2.- No presente expediente inclúese un sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor á que, segundo consta na cláusula 13.2. c) do PCAP, outórgaselle un máximo de 40 puntos, e que os licitadores que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados (20) na FASE I, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.*

*3.- Coa inclusión de información avaliable mediante fórmulas dentro do sobre A “Documentación administrativa” non só se está conculcando o secreto das proposicións establecido no art. 139.2 da LCSP e artigo 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, senón que, ao existir un Sobre B con documentación suxeita a xuízo de valor, o coñecemento pola Mesa de Contratación e polo informante da información facilitada polos licitadores con carácter previo a efectuarse a valoración suxeita a xuízo de valor, configura un risco potencial de contaminación do xuízo de*



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

valor e conculcación, por tanto, dos principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia como piares básicos do procedemento de adxudicación dos contratos a teor do establecido nos arts. 1 e 132.1 da LCSP, risco que se trata de evitar polo lexislador no art. 30.2 do Real Decreto 817/2009, cando establece que a valoración dos criterios cuantificables de forma automática efectuarase sempre con posterioridade á daqueles cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

**Segundo:** Toda vez que non se estiman as alegacións formuladas que constitúen o obxecto do recurso, non se aprecia circunstancia pola que proceda acordar a suspensión cautelar da tramitación do expediente formulada pola entidade recorrente; isto, tendo en conta o establecido polo artigo 53 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Terceiro:** Remitir o informe ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 56.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 28.4 do Real decreto 814/2015 do 11 de setembro que aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual.

**Cuarto:** Publicar a presente resolución na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade co artigo 63.3.e) da LCSP.

**Quinto:** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, para os efectos da súa ratificación”.

O expediente foi remitido ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con data do 5 de novembro de 2021, complementado con envío de data do 8 de novembro seguinte, dando orixe ao Recurso nº 247/2021

Con data 12/11/2021 recíbese no Concello de Cambre escrito procedente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), no cal notifica a Resolución sobre medida cautelar nº 100/2021 adoptada na mesma data do 12/11/2021, na que se resolve “Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación dun servizo de redacción de proxectos e direccións de obra do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004 dese Concello”

Na notificación indícase expresamente que “Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso”, e se achega a ela un escrito no que o TACGAL informa do establecido no artigo 25.2 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, segundo o cal “Unha vez recibida a notificación, si se acordase a suspensión, o órgano de contratación a levará a cabo de inmediato”

Tendo en conta o exposto,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras do Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, expediente 2021/C004/000004, en virtude da Resolución adoptada polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con data do 12/11/2021 no Recurso nº 247/2021, Resolución de medida cautelar nº 100/2021.

**Segundo:** De conformidade co disposto no artigo 25.2 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado por RD 814/2015 do 11 de setembro, o acordo de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

suspensión terá efectos de xeito inmediato á recepción da resolución de medida cautelar, que foi recibida no Concello de Cambre con data do 12 de novembro de 2021.

**Terceiro:** Comunicar o presente acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, formando parte do Recurso nº 247/2021.

**Cuarto:** Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre, de conformidade cos artigos 152.1 e 63.3.e) da LCSP.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e dez minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López